

PROXECTO NAVES > DO METROSIDERO

Un espazo para a mocidade



A Coruña é unha cidade atlántica, diversa e plural. Unha cidade singular que hoxe, a través das políticas de proximidade, dá resposta ás necesidades das persoas que viven, traballan e pasan o seu tempo de lecer no conxunto da área metropolitana. Unha cidade inclusiva, que coida especialmente

dos colectivos máis vulnerables, e unha cidade en rede, que cre na suma de intelixencias e na multiplicación das súas capacidades.

A proximidade non é algo abstracto. Tradúcese en políticas concretas. Políticas dirixidas a reducir a



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña





desigualdade, a garantir o dereito á cidade, a impulsar un modelo de mobilidade sostible, accesible e metropolitano. Políticas encamiñadas a asegurar o dereito de todos e de todas a unha vida digna de ser vivida, o dereito a un espazo público de calidade, o dereito a unha educación pública e gratuíta, o dereito á participación e ao acceso á información e o dereito á libre expresión e á creación e produción cultural.

É dentro deste marco e desta maneira de entender a cidade onde nace este proxecto das **Naves de Metrosidero**. Trátase de poñer as condicións para que a mocidade da Coruña, e por extensión, da nosa área metropolitana, clave para o noso futuro en común e por desgraza esquecida durante lustros polas políticas públicas locais e autonómicas, poida atoparse, compartir, intercambiar, experimentar, producir, aprender e emprender nun espazo de referencia coas características que a mocidade precisa para sentirse cómoda. Un espazo para estar xuntos e poder desenvolverse a nivel persoal e colectivo.

É unha demanda recorrente da xente nova, pero

tamén das familias, a de contar con espazos nos que poder estar, compartir inxedanzas e continuar formándose, como complemento ao sistema educativo, naquelas competencias que son fundamentais para a vida do século XXI: a creatividade, o tecido de relacións sociais, a innovación, o traballo colectivo, a toma de decisións, a análise de contextos complexos ou a procura de recursos, entre tantas outras competencias que se adquiren na participación colectiva.

A MOCIDADE NA CORUÑA:

No Coruña viven hoxe 39.877 mozos e mozas entre 14 e 30 anos, un 16,3% da poboación total, que ascende a 243.978 habitantes. Unha porcentaxe moi semellante á do conxunto da área metropolitana, onde a poboación máis nova representa un 16,4%, sumando 67.439 das 410.486 que a habitan segundo os datos do INE en 2016. Na Universidade da Coruña, o maior equipamento educativo da contorna, con campus e facultades repartidas en distintos concellos, contabamos no pasado curso con case 13.000 alumnos e alumnas.



Galicia, a piques de baixar oficialmente dos 2,7 millóns de habitantes, perde miles de mozos e mozas cada ano. A transformación da nosa pirámide poboacional é dramática: a súa base reduciuse practicamente á metade nos últimos trinta anos. O estancamento demográfico, a falta de oportunidades e as dificultades para o sostemento da vida afectan especialmente á poboación entre 20 e 35 anos, e a nosa área metropolitana non é allea a este fenómeno. Na cidade, hoxe, as persoas maiores de 64 anos duplican ás menores de 16.

A mocidade é, ademais, un dos colectivos máis golpeados pola xestión austericida da crise económica desatada hai unha década e o incremento exponencial da desigualdade que padecemos dende entón, e que na cidade da Coruña supuxo un importante repunte da exclusión social e a pobreza no periodo 2011-2015. Hoxe, no estado español, o paro xuvenil acada o 38,7%, fronte a unha media do 11,9% nos países da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Só Grecia supera este dato, co 42,8% da súa poboación menor de 25 anos en situación de desemprego.

Emanciparse, ou o que é o mesmo, iniciar unha vida plena e autónoma, é cada vez máis difícil para a nosa xente nova. Entre o 2005 e o 2015 a porcentaxe de mozos e mozas non emancipados incrementouse en máis de 15 puntos no estado español, até o 60%. Eles, de media, non se emancipan até os 30,1 anos, fronte aos 28 anos de Europa, mentres que as mozas non o fan até os 28, case tres anos máis tarde que a media comunitaria. A precariedade laboral e os baixos salarios están detrás desta realidade.

O recorte do investimento público en educación e o deterioro do mercado do traballo provocan un do-

bre efecto nocivo sobre as novas xeracións: a súa formación é cada vez máis cara para as familias xa dende as etapas obrigatorias, un 35,5% máis que hai unha década, segundo datos do propio Ministerio de Educación, e as titulacións apenas garanten un emprego axeitado. Estudos especializados das universidades Pompeu Fabra e Carlos III indican que entre un 30 e un 40% dos universitarios conseguen postos de traballo para os que non se lles requiría a formación de grao superior que teñen.



A mocidade precisa políticas públicas específicas e transversais. Precisa equipamentos, acompañamento e recursos para procurar solucións integrais aos grandes retos aos que se enfronta en todos os ámbitos da vida. O goberno municipal da Coruña leva un ano realizando espazos de participación coa mocidade para escoitar e debater con eles e con elas cales son as súas preocupacións, as súas necesidades e prioridades.

A Coruña xa está a poñer en marcha medidas concretas que dan resposta específica a estas demandas. Falamos da mobilidade peonil, do acceso ao transporte público, da mobilidade segura en bicicleta, do Plan de Emprego Xuvenil, das actividades


de ocio e lecer, do programa de dinamización xuvenil e dun espazo pioneiro para a mocidade na Sagrada Familia, da aposta pola edición dunha revista específica para a xuventude, do apoio a proxectos e iniciativas deste colectivo así como a creación, a partir de 2018, dunhas xornadas anuais de participación para a mocidade entre outras medidas.

O antigo complexo da Comandancia Militar de Obras abre unha nova oportunidade para dar un paso máis nas políticas para a mocidade na Coruña, que serán en 2018 un dos eixes estratéxicos do Concello. Este equipamento público pode ser un lugar para estar, coñecerse e recoñecerse, sentirse parte, crear e desenvolver colectivos en torno aos mesmos intereses, activar a sociedade civil dende diferentes ámbitos de coñecemento, organizar programas, proxectos e actividades, colaborar con outras persoas e entidades, investigar e descubrir outras formas de coñecemento, investigación, socialización e ocio.

OS EDIFICIOS

O complexo da Comandancia Militar de Obras, propiedade do Ministerio de Defensa, ocupa unha parcela de 5.000 metros cadrados comunicada tanto coa rúa Veramar como coa Avenida de Metrosidero e lindante co Paseo Marítimo e o equipamento hípico da Maestranza. Vinculada a un convenio de 1984 que nunca se chegou a materializar, a cesión ao Concello da Coruña deste espazo foi retomada parcialmente en 2013 pero hoxe segue sen completarse. Mentres a administración local se ocupa do mantemento e a conservación, o complexo permanece en mans do Goberno central.

O avanzado deterioro das naves, que levan anos en desuso, debía ser paliada por unha intervención do Ministerio de Fomento que se sacou a concurso en



2015 por valor de 1,3 millóns de euros. O procedemento foi paralizado a catro meses da súa licitación por causas alleas ao Concello da Coruña e recuperado novamente en marzo deste ano. A obra de rehabilitación prevista, pendente de ser adxudicada e que terá un prazo de execución de 16 meses, afecta unicamente a tres das naves do complexo.

A realización destas obras, combinada coa cesión definitiva da parcela e os inmobles, permitiría ao Concello da Coruña impulsar a creación dun novo equipamento público e cidadán que, ademais de dar servizo a un colectivo específico, dinamizaría toda a contorna.

O PROXECTO

As Naves de Metrosidero serán un equipamento público e cidadán. Un espazo plural, diverso e inclusivo para a mocidade da Coruña. Un espazo para sentirse parte. Un espazo accesible e facilitador que acompaña ás persoas que están nese grupo de idade a desenvolver as súas inquedanzas creativas, produtivas, de investigación, de aprendizaxe e formación e lúdicas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo.

O espazo debería estar dotado de espazos interiores e exteriores que posibilitasen un uso polivalente e diverso pero á vez integrador. Cada unha das naves tería unha natureza distinta coa vontade de confluír nos espazos comúns de convivencia e integración. Catro son as ideas clave á hora de formular os usos dos espazos rehabilitados:

Nave de prácticas deportivas urbanas: un espazo para a práctica e a formación en deportes urbanos: skate, parkour, patinaxe, rocódromo, etc.

Este espazo constaría dun chan adaptado á práctica de deportes urbanos como os descritos máis



arriba e estaría dotado de todos os elementos precisos para a práctica do skate, o parkour e outros deportes urbanos. Disporía dunha parede vertical equipada como rocódromo e dun espazo de almacenaxe o suficientemente amplo para poder dar cabida aos materiais necesarios para estas prácticas deportivas.

Nave de formación e obradoiros: un espazo versátil para desenvolver actividades, obradoiros e formación en emprendemento, tecnoloxía, deseño, videoxogos, xogos de rol, fotografía e todos aqueles temas de interese para a mocidade.



Esta nave disporía de diferentes aulas, versátiles, dotadas de luz natural, ventilación, mobiliario móbil e pregable e armarios para almacenar materiais. Contaría ademais cun espazo de taller amplo no que poder realizar actividades de maior envergadura e con máis asistentes. Tería diferentes puntos de auga e debería dispoñer dunha aula escura para fotografía e espazos de taller para bicicletas, patíns e outros elementos da práctica deportiva, de ocio e cultural que se poidan dar no espazo. Sería un espazo versátil para estar, onde xuntarse informalmente con outras persoas.

Nave de actividades e ensaio: un espazo vinculado a actividades de ensaio, investigación, residencias artísticas, formación, producción, presentación de ámbito escénico tales como circo, danza, teatro, música, poesía e outras relacionadas coas artes vivas, visuais e plásticas.

Un espazo diáfano con luz natural e ventilación que podería escurecerse por completo. Tería unha parrilla técnica no teito e potencia eléctrica suficiente para as actividades de artes vivas. Podería dispoñer de vestiarios completamente equipados.



Espazos exteriores e de convivencia: espazos que funcionarían como espazos integradores, de encontro e transición, de uso común entre persoas con intereses diversos.

Serían espazos dotados con conexión a internet e mobiliario versátil e móbil para poder adaptalos ás necesidades da mocidade e realizar diferentes tipos de actividades.

O complexo disporía dunha estación de Bicicoruña e un aparcadoiro de bicicletas coa intención de favorecer o transporte sostible. Estaría dotado tamén de espazos para hortas urbanas e a infraestrutura necesaria para a compostaxe.



Modelo de Xestión:

As Naves do Metrosidero serán un equipamento público municipal e terán un sistema de xestión plural no que convivirán servizos municipais, programas e actividades públicas, un equipo de dinamización propio e espazos de autogestión e actividades organizadas por entidades xuvenís, colectivos informais e/ou pola propia mocidade usuaria. Un espazo aberto 365 días ao ano e sete días á semana nun horario flexible e adecuado para o público ao que se vai dirixir e as actividades que está chamado a acubillar.

As Naves do Metrosidero serán un espazo que deberá ter por misión dotar á mocidade dun espazo de referencia, un tipo de equipamento inexistente na cidade e que aposta pola mocidade como suxeito activo, empoderado e protagonista. Estas liñas básicas de definición do proxecto concretaranse nun espazo de traballo aberto e colaborativo coa mocidade.



CORUÑA
➤ PRÓXIMA